

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2021.****Sesión 14/2021-P**

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (PP) D<sup>a</sup> María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><b><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></b> D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>Na Casa do Concello de Sada, sendo as 20.10 horas do día xoves 29 de decembro do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

**ORDE DO DÍA:**

Aberta a sesión pola Presidencia, comezando co agradecemento pola boa vontade para cambiar a data do Pleno, indicando que non foi preciso traer a Pleno a modificación da Addenda do Convenio con Augas de Galicia, segundo informe de Secretaría, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA (sesión núm. 13/2021).**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 13/2021, do 25/11/2021.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión núm. 13/2021, do 25/11/2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE AS MARIÑAS.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2021, do 23 de decembro, que recolle:



<<**Aprobación definitiva dos estatutos da Mancomunidade de As Mariñas.**

- 1.- *Aprobar definitivamente o texto consensuado dos Estatutos polos que se debe rexer a Mancomunidade de As Mariñas.*
- 2.- *Integrarse o Concello de Sada como membro de feito e de dereito na Mancomunidade de As Mariñas.*
- 3.- *Remitir ao Consorcio As Mariñas e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia certificación do presente acordo.*
- 4.- *Facultar ao sr. Alcalde para a realización das xestións que esixa a debida execución deste acordo.*

*Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.*

Debátase o asunto coa intervención do sr. Alcalde, que sinala que se trata da terceira vez que o ente comarcal vén a Pleno, primeiro como Mancomunidade con 9 concellos, logo área metropolitana como 8 e, por último, agora, para a súa aprobación definitiva, logo das alegacións, unha Mancomunidade a 8, para dar solución ás competencias e ao seu persoal, sendo desexable unha área metropolitana.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) sinala que se absterán, como fai a súa organización en toda a comarca, dado que non se tiveron en conta as súas emendas, sendo importante a participación e a persoal, pero non cunha reprodución do anterior, debendo pertencer A Coruña no novo ente.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) votará a favor dado que é a fórmula menos mala.

O sr. Tellado Villares (PP) votarán a favor, ao igual que fixo o seu grupo nas tres ocasións anteriores, sendo importante para a xestión de residuos sólidos urbanos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2 (2 BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o texto consensuado dos Estatutos polos que se debe rexer a Mancomunidade de As Mariñas.

**Segundo.-** Integrarse o Concello de Sada como membro de feito e de dereito na Mancomunidade de As Mariñas.

**Terceiro.-** Remitir ao Consorcio As Mariñas e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia certificación do presente acordo.

**Cuarto.-** Facultar ao sr. Alcalde para a realización das xestións que esixa a debida execución deste acordo.

**3º.- PROPOSTA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA, A INCLUSIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE SADA NO PLAN DE INFRAESTRUTURAS SANITARIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2021, do 23 de decembro, que recolle:

<<**Proposta para solicitar á Xunta de Galicia, a inclusión do novo centro de saúde de Sada no Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria.**

1-Solicitar á Xunta de Galicia, a inclusión de execución dun novo centro de saúde en Sada dentro do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria.

2-Solicitar á Consellería de Sanidade a subscripción dun convenio de colaboración entre a propia Consellería de Sanidade e o Concello de Sada que estableza a planificación, programación de prioridades, prazos, financiamento e execución das obras necesarias tendentes á construción dun novo centro de saúde na parcela dotacional recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal.



---

*Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.*

Debátese o asunto coa intervención do sr. Blanco González (AV) que dá lectura á proposta de acordo.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) sinala que está a favor e agradece o esforzo do sr. Blanco González (AV), e engade que tiveron a visita da deputada Mercedes Queixas para o apoio deste punto no Parlamento Galego.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) está de acordo coa falta de accesibilidade, tanto para vehículos privados, como públicos.

A sra. García Freire (PP) comeza dicindo que os pasos os deu o PP, en abril de 2019 foi aprobada a emenda para que presentase ao Pleno os terreos aptos para o seu traslado, así como ter partida nos orzamentos do 2020 ou reservar 85.000 euros dos 207.000 euros para a demolición do Náutico; logo da sesión extraordinaria do 19/10/2020, a instancia do PP, se acordou dotar unha partida económica para a redacción do plan especial para a obtención de terreos para o centro de saúde. Continua sinalando que, de 313 municipios que hai en Galicia, 108 teñen actuacións, un de cada tres, todos os da área metropolitana da Coruña, menos Sada, e insiste na falta de obtención de terreos para o futuro centro de saúde, polo que se absterán.

O sr. Fariña Andrade (SM) fala de reunións co Conselleiro e con altos cargos da Consellería de Sanidade, para a nova ubicación do centro de saúde, redactando a contratación do plan especial da Lagoa para a obtención dos terreos, sendo un asunto estratéxico para Sada.

O sr. Blanco González (AV) resalta a especie de acordo co Conselleiro e co Director da Área Sanitaria da Coruña-Cee, sobre o persoal e a necesidade de desenvolver o PERI, e agradece a iniciativa do BNG no Parlamento Galego, e lle gustaría que todos os grupos que teñen representación nel apoiem esa proposta. Continua dicindo que hai dous problemas: a ubicación do PAC e ter o mesmo número de facultativos que cando Sada tiña 7.000 habitantes menos.

A sra. García Freire (PP) sinala que levan seis anos e que a licitación aínda foi o 25/11/2021, e lembra o problema da accesibilidade do centro de saúde, e que no seu programa electoral ía un parquin escalonado na Barrosa, con escaleiras e ascensor, polo que se absterán.

O sr. Fariña Andrade (SM) recorda que en novembro o Conselleiro de Sanidade remitiu 28 misivas a diferentes municipios para que buscasen terreos para os centros de saúde.

O sr. Alcalde lembra que a segunda parte da proposta xa foi acordada polo Pleno, en sesión extraordinaria do 19/10/2020, logo da convocatoria a instancia do PP, que foi emendada polo Goberno Municipal, que iniciarían a contratación do PERI cando haxa un compromiso da Xunta de Galicia de que vai traer o centro de saúde a Sada para esa parcela, porque é un esforzo en recursos tanto humanos, como económicos, atopando con sorpresa que non aparece Sada no Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, no que se recollen 37 novos centros de saúde e 14 reformados, porque hai concellos que non teñen nin parcelas, nin tan sequera teñen planeamento aprobado para obter unha parcela dotacional destinada a centro de saúde, e mañá adxudicarán o PERI, o proxecto de equidistribución e o proxecto de urbanización, obterase a parcela, que ten propietarios, está edificada, pero entenden que a falta de accesibilidade do actual, o servizo como PAC que se dá a Bergondo, polo que piden a inclusión nese Plan, que exista un compromiso por parte da Xunta de Galicia, coa sinatura dun convenio, para que Sada adquira a parcela, tal e como ocorreu na Coruña.

A sra. García Freire (PP) engade que non se están opoñendo á proposta deste Pleno, se van abster.



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Solicitar á Xunta de Galicia, a inclusión de execución dun novo centro de saúde en Sada dentro do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria.

**Segundo.-** Solicitar á Consellería de Sanidade a subscrición dun convenio de colaboración entre a propia Consellería de Sanidade e o Concello de Sada que estableza a planificación, programación de prioridades, prazos, financiamento e execución das obras necesarias tendentes á construción dun novo centro de saúde na parcela dotacional recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

#### **4º.- 1-2021 PRIMEIRA MODIFICACIÓN DA RPT.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2021, do 23 de decembro, que recolle:

<<1-2021: Primeira modificación da RPT.

1º.- *Aprobar inicialmente a primeira modificación do ano 2021 da Relación de postos de traballo do Concello, segundo a memoria que figura no expediente, que obedece á necesidade de:*

- transformación dos dous postos código da RPT: 020006 denominados: *Policía Servizos Administrativos* en dous postos código da RPT: 020004 denominados: *Policía Unidade Diúrna*
- transformación do posto código da RPT: 090009 denominado: *Policía de Urbanismo e Medio Ambiente* en un posto código da RPT: 020004 denominado: *Policía Unidade Diúrna*
- creación de dous postos de traballo máis código da RPT: 040005 denominado *traballador/a social*
- amortizar un dos dous postos código da RPT 040004, denominado *traballador/a familiar*

2º.- *Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións; en caso contrario. A modificación haberá de ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións e alegacións presentadas.-*

3º.- *Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente a mesma no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma*

*Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.*

Debátese o asunto coa intervención da sra. Taibo Fernández (SM); da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE), que plantexa deixar sobre a Mesa este asunto; e da sra. Salorio Porral (PP), que plantexa votar por puntos, como se fixo na Mesa Xeral de Negociación do 18/11/2021.

O sr. Alcalde pregúntalle ao secretario accidental, quen resposta que se trataría de dúas emendas.

Deseguido, continúa o debate coas intervencións do sr. Alcalde, da sra. Taibo Fernández (SM), da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación da emenda do PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Ningún.



Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.-Deixar sobre a mesa este asunto.

A sra. Salorio Porral (PP) conclúe que non se pode votar a súa emenda, dado que prosperou a emenda presentada previamente polo PSOE.

**5º.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DAS BRAÑAS DE SADA PARA A SÚA DECLARACIÓN DEFINITIVA COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL).**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 13/2021, do 23 de decembro, que recolle:

<<1º.- *Aprobar o Plan de Conservación das Brañas de Sada, como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido.*

2º.- *Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobación definitiva do Plan de Conservación das Brañas de Sada para a declaración das Brañas de Sada como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido, de conformidade co Plan de Conservación do ENIL Brañas de Sada, que se aproba neste acto.*

3º.- *Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o Plan de Conservación do ENIL Brañas de Sada, dentro do prazo dos dous anos fizado pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 27/01/2020 (DOG n.º 28, do 11/02/2020), para a declaración definitiva das Brañas de Sada como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido.*

4º.- *Facultar ao sr. Alcalde para a realización das xestións que esixa a debida execución deste acordo.*

*Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente>>.*

Debátese o asunto coa intervención da sra. Rúa Prieto (SM), do sr. Blanco González (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE), do sr. García Cotelos (PP), do sr. Fariña Andrade (SM) e do sr. Alcalde.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o Plan de Conservación das Brañas de Sada, como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido.

**Segundo.-** Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobación definitiva do Plan de Conservación das Brañas de Sada para a declaración das Brañas de Sada como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido, de conformidade co Plan de Conservación do ENIL Brañas de Sada, que se aproba neste acto.

**Terceiro.-** Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o Plan de Conservación do ENIL Brañas de Sada, dentro do prazo dos dous anos fizado pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 27/01/2020 (DOG n.º 28, do 11/02/2020), para a declaración definitiva das Brañas de Sada como espazo natural de interese local, como espazo natural protexido.

**Cuarto.-** Facultar ao sr. Alcalde para a realización das xestións que esixa a debida execución deste acordo.

**6º.- CONTROL DE ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**



## **A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 22 de novembro (núm. 2.410) ata o 22 de decembro de 2021 (núm. 2.586).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 22 de novembro (núm. 2.410, do expediente 2021/G003/002531) ata o 22 de decembro de 2021 (núm. 2.586, do expediente 2021/G003/002727), que foron postas de manifesto á secretaría da Corporación.

O sr. Alcalde dá conta expresamente da resolución de Alcaldía núm. 2591/2021, do 23/12/2021, pola que se aprobou a addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada.

A sra. Salorio Porral (PP) quere que lle aclaren a diferenza nas contías.

O sr. Alcalde respóndelle que a diferenza entre os 75.000 euros e os 33.000 euros, que se corresponde coa anualidade de 2021, son 41.000 euros, que xa estaban retidos e que agora pasan á anualidade 2022.

## **B.- Mocións.**

### **B.1.- Moción do grupo municipal do PP relativa á modificación puntual do PXOM para calificar a parcela 0500101NJ6000S0001BP como aparcamento en espazo libre público.**

Consta unha moción presentada polo grupo municipal do PP, que literalmente sinala:

*<<Dña Soraya Salorio Porral, con documento nacional de identidade número 32.450.502D, Portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Sada, domiciliada en Seixeda - Osedo 28, CP 15168 Sada, en nombre y representación del mismo, en base a lo dispuesto en el art. 64.1 del R.O.M, en tiempo y plazo oportunos para su debate y aprobación si procede por el pleno de esta corporación, presenta la siguiente:*

#### **MOCIÓN PARA LA MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PXOM PARA CALIFICAR LA PARCELA 0500101NJ6000S0001BP COMO APARCAMIENTO EN ESPACIO LIBRE PUBLICO**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*I.- La parcela de referencia catastral 0500101NJ6000S0001BP situada en la calle Cambre viene usándose como aparcamiento público desde junio de 2016, en virtud de un contrato de comodato suscrito con la propiedad.*

*Dicho contrato es de vigencia anual, prorrogable hasta un máximo total de cuatro años, ya vencidos. Anualmente el Ayuntamiento viene aportando sucesivas capas de zahorra, la última vez en noviembre de este año, para posibilitar su uso como aparcamiento provisional, que ya pasa de los cinco años.*

*II.- De acuerdo al vigente Plan General de Ordenación Municipal PXOM, aprobado definitivamente de forma parcial por Orden de la Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, de 11 de octubre de 2017 (DOG num.227 de 29.11.2017), esta parcela de suelo urbano consolidado está calificada como de ACTIVIDADES TERCARIAS, Ordenanza SU-6 (art.6.2.6).*

*Este PXOM modificó la ordenación anterior procedente del Plan Parcial "Las Brañas" S.A.U-2 que la calificaba como EQUIPAMIENTO COMERCIAL.*

*III.- Se da la circunstancia que se han cumplido los plazos para edificar en el suelo urbano consolidado, 4 años según el art.20 de la Ley del Suelo de Galicia Ley 2/2016, de 10 de febrero. Ya se habían cumplido también con la ordenación anterior.*

*IV.- Por otro lado, también se da la circunstancia que Sada precisa espacios de aparcamiento estables y urbanizados. El uso de esta parcela como aparcamiento está condicionado por su temporalidad y por su acondicionamiento no adecuado, que presenta habitualmente baches, sin recogida de pluviales, sin jardinería, etc.*

*Igualmente, el uso de la parcela como uso Terciario estaría condicionado por la reciente declaración de la zona como ARPSI, siendo más apropiado ahora el de aparcamiento.*

*Por todo ello, considerando que el uso como aparcamiento público de esta parcela es necesario y está justificado, y que han vencido los plazos para edificar previstos en la LSG, en defensa del interés general este grupo propone al pleno de la corporación el siguiente*





### ACUERDO

Uno.- Aprobar el inicio del correspondiente expediente para la modificación del Plan General de Ordenación Municipal, tendente a la calificación de la parcela de referencia catastral 0500101NJ6000S0001BP, situada en la calle Cambre, como aparcamiento en espacio libre público.

Dos.- Facultar al Alcalde para las funciones precisas.>>.

A sra. Salorio Porral (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningún.

Continúa o debate coa intervención da sra. Salorio Porral (PP), do sr. Blanco González (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Alcalde.

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Ningún.

Resultando rexeitada a moción por non ter sido aprobada.

### C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) lembra dúas preguntas de sesións plenarias anteriores:

- Pregunta pola vulneración do preceptuado na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en relación a unha persecución policial a un vehículo, realizada por dous auxiliares da Policía Local, logo de ter solicitado o atestado, na última sesión o sr. Alcalde respondeulle que ía ordear que inmediatamente se remitise á Secretaría para que informase se ela estaba lexitimada para obter un atestado policial, despois de borrar os datos persoais.

O sr. Alcalde respóstalle que non o consultou.

- Pregunta, en relación cos muros de peche de máis de tres metros de altura nun mesmo plano vertical, por qué se lle permiten á Xunta de Galicia, e non se lles permiten aos veciños.

O sr. Alcalde respóndelle que a diferenza está que nun sistema xeral viario non se establece esta limitación e prima a seguridade viaria, e non a normativa urbanística.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) formula un rogo e realiza varias preguntas:

1º) Roga que se lle dea inmediatamente o atestado policial ao que acaba de dicir o sr. Alcalde que ten dereito, tal e como remata de sinalar o sr. Alcalde.

1ª) Pregunta en relación ás certificacións núms. 3 e 4 da obra denominada "Instalación colector pluviais en Avda. de Sada e os seus Contornos e camiño cemiterio ata Avda. do Porto", incluída no Adicional 1 do POS+2019, se xa foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

O sr. Alcalde respóstalle que están sen aprobar.

2ª) Pregunta se, en relación a investigación xudicial dos locais, o TAX de Urbanismo emitiu un informe xurídico 08/10/2021, no que sinala que un dos locais tiña licenza de café-bar especial, e a partir do 03/12/2020 ten licenza de cafetería, e despois propón que esa declaración responsable é ineficaz, pero cando o xulgado solicita aclaración sobre as licenzas, comunican que hai unha declaración responsable, que non é a realidade, e que non



causou efecto, están enganando ao xulgado ou se trata dun erro que van corrixir en breve, e igualmente require se hai máis casos como este no expediente.

O sr. Alcalde respóndelle que se lle mandará toda a documentación e que era café-bar especial.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que ao xulgado se lle dixo que era cafetería, pregunta se están imputados o sr. Alcalde e alguén do seu goberno e están citados para ir a declarar en breve.

O sr. Alcalde respóstalle que está citado para ir a declarar o 14 de febreiro.

3ª) Pregunta qué sucede coas subvencións municipais, en concreto cal é o problema coas subvencións culturais de 2020 e 2021.

O sr. Alcalde respóndelle que as de 2021 se adxudicaron hoxe.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) inquire polas de 2020.

O sr. Alcalde di que as de 2020 se tramitaron a última hora, polo feito de que non houbo actividade, pero se lles intentou contratar con actividades na Casa da Cultura, pero non xustificaron antes do final do período 2020.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) conclúe que as asociacións cumpriron, achegaron a documentación, pero o concello non pagou.

4ª) Pregunta pola parcela do Tarabelo, situada en solo rústico, de uso agrario, duns 1.500 metros cadrados, que leva case un ano co depósito de terra e zorra, alterando a cota respecto ás colindantes, parcela 423 do polígono 15, se teñen coñecemento e van tomar medidas.

O sr. Alcalde contesta que ten que mirar qué parcela é.

O sr. García Pazos realiza a seguinte pregunta:

1ª) Pregúntalle ao sr. Alcalde se ten coñecemento que o bombeo do Tarabelo leva 32 días vertendo as augas residuais ao río, hacia As Brañas.

O sr. Fariña Andrade (SM) resposta que houbo unha avaría grande e que, pola demora no subministro, tan pronto como chegue o material, VIAQUA procederá á reparación.

O sr. Tellado Villares (PP) realiza a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta cando se lle van facilitar os documentos que pediu o 18 de novembro, por Rexistro: o acceso ao expediente de contratación da redacción da demolición do Náutico e o informe do director do proxecto en relación á demolición dos muros do Náutico.

O sr. Alcalde dille que se enviarán os dous que están no mesmo expediente.

O sr. García Cotelo (PP) realiza a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta, en relación ao burato existente no terreo onde estaba o Náutico, dado que non se realizou a demolición completa e non se fixo compactación do terreo, se era previsible que aparecesen este tipo de elementos ou resultados.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que era previsible que aparecese, como en calquera zanja ou burato do terreo.

A sra. García Freire (PP) realiza as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta á sra. Nogareda Marzoa (AV), quen publicou unhas listaxes erróneas, dos que lles avisaron fai dous meses, sobre o segundo prazo de axuda no transporte para os escolares e sobre a convocatoria para este curso escolar.





A sra. Nogareda Marzoa (AV) resposta que Intervención está traballando para o segundo prazo, para facer o pagamento o máis axiña posible.

2ª) Pregunta, en relación ao decreto 2419/2021 de aboamento de horas extraordinarias coa transferencia de partidas do centro de formación e de órganos de goberno, se vai saír das asistencias da oposición ou alguén do goberno vai deixar de cobrar.

O sr. Alcalde respóndelle que sae da praza de director/a do CFO que está vacante, así como que existe crédito na partida dos órganos de goberno por ter celebrado menos sesións plenaria e xunta de goberno que o pasado ano.

A sra. García Freire (PP) engade que están dispostos a consumir esas partidas, porque teñen que andar rogando para o cobramento das asistencias ás sesións.

O sr. Alcalde di que son créditos retidos e non consumidos.

O sr. Tellado Villares (PP) engade que o sr. Alcalde xa tivo que traer a Pleno modificación de crédito para o pagamento das asistencias aos órganos de goberno, igual que para o pobo saharauí no ano 2019 ou 2020.

A sra. Salorio Porral (PP) realiza varias preguntas e formula dous rogos:

1ª) Pregunta se van anular as sancións por aparcar na parcela da moción que veu a Pleno, que é unha parcela privada, porque hai veciños que levan seis anos estacionando os seus vehículos nesa parcela e se puxeron unha ducia de denuncias.

O sr. Alcalde respóndelle que se non estivo correctamente sinalizado e foron 48 horas teñen dereito a recorrer.

2ª) Pregunta en relación á petición o 15/11/2021 de documentación sobre o Náutico, e non tiveron resposta.

1º) Roga, en relación ao Tarabelo que hai necesidade de obras en outubro de 2021, logo da recollida de sinaturas para pedir o cambio de tubarías, así como para o arranxo das beirarrúas, que impiden a circulación nunha cadeira de rodas e con carriños de crianzas, porque é totalmente intransitable, aproveiten para arranxar as beirarrúas.

O sr. Alcalde respóndelle que, logo de facer as obras de abastecemento, se farán as obras de reposición de beirarrúas, pero a ponte e o quitamedos non van permitir ampliar as beirarrúas cando se vaia arranxar, sendo unha estrada da Deputación, ademais teñen que volver a licitar, porque adxudicada a obra, a empresa non veu pola covid e logo non viñeron a facer as obras.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se liciten as obras o máis axiña posible, e que se reclame á Deputación para dar unha solución a esa ponte.

2º) Roga que, en relación á petición dun veciño rexistrada o 14/12/2021 sobre a demanda do servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO), quen ten un fillo cunha mínima conciencia, pedindo que solicite ao Sergas, para que lle presten servizo a domicilio a ese veciño, e lembra que en maio de 2018 se aprobou por unanimidade unha moción do PP para demandar este servizo en Sada, como o teñen outros concellos máis próximos aá Coruña.

O sr. Alcalde respóndelle que se remitiu á Xunta de Galicia ese acordo plenario, se ben é verdade que non se trata dunha competencia municipal.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e corenta e dous minutos do día mércores 29 de decembro do 2021, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).